

I CONGRESO INTERNACIONAL TEATRO GALEGO

CO 2030 NO HORIZONTE



7-10 OUTUBRO

2020

CIDADE DA CULTURA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

agf
Academia Galega de Teatro

AGADIC
Avenia Galega das
Industrias Culturais

a Asociación de
actores e actrices
de Galicia

A Asociación de Directores
de Escena de España

x ASOCIACIÓN GALEGA
DE PROFESIONAIS DA
XESTIÓN CULTURAL

galicia

B Biblioteca-Arquivo Teatral
"Francisco Pillado Mayor"

**centro
dramático
galego**

**GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA**

**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

**Deputación
DA CORUÑA**

Escena Galega

esadg

illa Grupo de Investigación
Linguística e Literaria Galega

FEARTEA

**fraisge
FUNDACIÓN**

**fundación
sgae**

**GOBIERNO DE GALICIA
INSTITUTO DE CULTURA
E LINGÜA**

inaem

**UNIVERSIDADE
DE GALICIA**

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA**

Universidade de Vigo

Xacobeo 2021

**XUNTA
DE GALICIA**

www.congresodoteatro.gal

I Congreso Internacional do Teatro Galego

CO 2030 NO HORIZONTE

Temas básicos

- EXPERIENCIA, ACTUALIDADE E MODELOS EXTERNOS.
- O TEATRO E OS PÚBLICOS.
- A CREACIÓN E OS SEUS PROCESOS.

academiagalegadeteatro@gmail.com
N.I.F. G70539747
Rúa Álvaro Cebreiro, 15 – 1º
15003 A CORUÑA

I CONGRESO INTERNACIONAL
TEATRO GALEGO
CO 2030 NO HORIZONTE

PRESENTACIÓN

O teatro desde as súas orixes, e as artes escénicas en xeral, teñen esa capacidade transformadora da sociedade, porque nacen en, de e para a sociedade desde o amplo espectro do desenvolvemento humano; por iso e para contribuír á transformación social adecuándose aos novos valores e retos, e tendo como obxectivos: a convivencia, a igualdade, a sustentabilidade, a diversidade ou o carácter inclusivo; sendo conscientes da capacidade de influencia social do teatro, é polo que organizamos este congreso que pretende a posta en común da situación actual e problemática do teatro galego coa situación e problemática doutros modelos internacionais de creación, produción, xestión e distribución; para, con esas conclusións, contribuír así á transformación social da nosa contorna inmediata e daquelas sociedades que desexen poñer a súa mirada neste proxecto que servirá de guía para profesionais, xestores e público desde aquí e agora e co 2030 no horizonte.

O Primeiro Congreso Internacional do Teatro Galego nace paralelamente e como un dos seus obxectivos fundamentais coa Academia Galega de Teatro, quen na súa presentación pública no Consello da Cultura Galega o 27 de marzo de 2018, expón e argúe as liñas básicas da súa necesidade e dos seus obxectivos fundamentais, entre os que se atopa o **I Congreso Internacional do Teatro Galego**.

Xorde esta iniciativa necesaria, tras corenta anos de exercicio profesional, con vocación de pluralidade aberta a todas aquelas experiencias e manifestacións teatrais que lle dan forma ao teatro en Galicia; e polo tanto todos os esforzos se concentraron en procurar os apoios necesarios dun amplo abano de sectores con implicación directa.

Este congreso ten a súa única referencia histórica no Primeiro Encontro do Teatro Profesional celebrado en Ferrol en xuño de 1988 co apoio de diversas persoas e entidades e coa participación dun sector importante da profesión e dos representantes políticos; cuxos resultados, publicados en 1991 polo Ateneo Ferrolán co apoio da Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, foron o activador de políticas teatrais que hoxe precisan ser revisadas e renovadas.

Mais a sociedade evoluciona constantemente e a realidade teatral, a social e mais a política cambian co paso do tempo; e por iso, trinta anos despois da celebración daquel primeiro encontro do teatro profesional, consideramos que é necesario revisar profundamente todo aquilo que afecta ao teatro, á sociedade e ás políticas teatrais; para o que dispoñemos a celebración deste Primeiro Congreso Internacional do que, co compromiso de todos, deberá saír o plan estratéxico de futuro para o Teatro Galego.

O **I Congreso Internacional do Teatro Galego** conta, polo de agora, co apoio das seguintes Institucións e Asociacións Profesionais do Sector Teatral:

- Academia Galega de Teatro
- Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais)
- Asociación de Actores e Actrices de Galicia
- Asociación de Directores de Escena de España
- Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural
- Artista Intérpetes, Sociedad de Gestión de España (Fundación Aisge)
- Axencia Galega de Turismo

- Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor
- Centro Dramático Galego
- Cidade da Cultura de Galicia
- Concello de Santiago de Compostela
- Consello da Cultura Galega
- Deputación Provincial da Coruña
- Escena Galega (Asociación de Compañías de Teatro de Galicia)
- Escola Superior de Arte Dramática de Galicia
- Federación Galega de Teatro Aficionado (FEGATEA)
- Fundación SGAE
- Illa Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega da UDC
- INAEM (Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música)
- Unión Internacional de la Marioneta (UNIMA-Galicia)
- Universidade da Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidade de Vigo
- Xunta de Galicia

E participan no congreso persoas vinculadas coas universidades e centros de:

- Universidade da Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidade de Vigo
- Universidade de Estremadura
- Universidade do Minho
- Universidade do Porto
- Université de Paris III
- Universidade de Coimbra
- Universidade do Estado de Río de Janeiro
- Universidade de Cork (Irlanda)

- Universidade de Tsudajuku (Toquio)
- Uniwersytet Jagielloński (Cracovia)
- Uniwersytet Warszawski (Varsovia)
- Escola Superior de Teatro e Cinema de Lisboa
- Escola Superior de Arte Dramático de Galicia
- Real Escuela Superior de Arte Dramático de España
- Institut del Teatre (Barcelona)

COMISIÓN ORGANIZADORA

Presidenta

Imma Antón Souto (Academia Galega de Teatro)

Vicepresidente

Eduardo Alonso Rodríguez (Academia Galega de Teatro)

Secretario

Francisco Oti Ríos (Academia Galega de Teatro)

Vogais

Antonio Simón (Academia Galega de Teatro)

Francisco Xavier Núñez Alonso (director CDG - AGT)

Luma Gómez (Academia Galega de Teatro)

Xavier Castiñeira Blanco (Academia Galega de Teatro – ESADG)

Manuel Xestoso González (Academia Galega de Teatro)

Miguel Pernas Cora (Academia Galega de Teatro)

Gustavo Pernas Cora (†) (Academia Galega de Teatro)

Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes (Academia Galega de Teatro – UDC)

Xúlio Lago Alonso (Academia Galega de Teatro)

Diego Freire Fernández (Asociación de Actores e Actrices de Galicia)

Carlos Lorenzo (Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural)

Pilar López Pérez (Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural)

Cándido Pazó González (director de escena e dramaturgo)

Roberto Pascual Rodríguez (Escola Superior de Arte Dramática de Galicia - AGT)

Dolores Vilavedra (Consello da Cultura Galega - USC)

Diego Vázquez Meizoso (Asociación de Compañías "Escena Galega")
Mercedes González Castro (Asociación de Compañías "Escena Galega")
Jorge Rey Rivas (UNIMA Galicia - AGT)
Carlos Clemente Martínez Gallego (UNIMA Galicia - AGT)
Manuel Dasilva Díaz (FEGATEA)
Elisabete Pinto (directora do Teatro do Noroeste – Centro Dramático de Viana do Castelo)
Maria Filipowicz-Rudek (Uniwersytet Jagielloński, Cracovia)
Tiago Porteiro (Universidade do Minho, Braga)
Ricardo Simões (director artístico en Teatro do Noroeste – Centro Dramático de Viana do Castelo)

COMISIÓN CIENTÍFICA

Presidenta

Rosario Álvarez (presidenta do Consello da Cultura Galega)

Membros

Manuel Lourenzo (membro de honra)

Luís Álvarez Pousa (membro de honra)

María Xosé Queizán (membro de honra)

Manuel Vieites García (Escola Superior de Arte Dramática de Galicia)

Laura Tato Fontaiña (Universidade da Coruña)

Burghard Baltrusch (Universidade de Vigo)

Anxo Abuín González (Universidade de Santiago de Compostela)

Iolanda Ogando González (Universidade de Estremadura)

Vítor Manuel Ferreira Ribeiro Moura (Universidade do Minho)

Alexandra Moreira da Silva (Université de Paris III / Universidade do Porto)

Fernando Matos de Oliveira (Universidade de Coimbra)

Eugénia Vasques (Escola Superior de Teatro e Cinema de Lisboa)

Carlinda Fragale Pate Núñez (Universidade do Estado de Río de Janeiro)

Maria Boguszewicz (Uniwersytet Warszawski, Varsovia)

Martín Veiga (Universidade de Cork, Irlanda)

Takekazu Asaka (Universidade de Tsudajuku, Toquio)

academiagalegadeteatro@gmail.com
N.I.F. G70539747
Rúa Álvaro Cebreiro, 15 – 1º
15003 A CORUÑA

I CONGRESO INTERNACIONAL
TEATRO GALEGO
CO 2030 NO HORIZONTE

ESTRUTURA

O **I Congreso Internacional do Teatro Galego** organízase en torno a diferentes sesións de traballo coa seguinte estrutura diaria para os días 7, 8 e 9.

- 1) Conferencia plenaria: dunha duración aproximada dunha hora no que se fará a presentación do tema principal do día realizado por unha persoa especialista que actuará como conferente e unha persoa presentadora. Estas presentacións serán por encarga e os textos serán entregados á organización nos prazos marcados por esta. Os relatorios serán remunerados. Os textos pasarán a formar parte do material a publicar do Congreso.
- 2) Pausa.
- 3) Tres mesas de traballo simultáneas de tema específico con relación ao tema do día cunha duración total aproximada de dúas horas, cunha persoa coordinadora e tres argüentes por mesa con debates en cada mesa ao final das exposicións. A estrutura das mesas será a seguinte: a persoa coordinadora presenta nunha breve intervención o resumo das tres relatoras que poden comentar sobre as súas achegas e ábrese o debate co público asistente a esa mesa. As persoas argüentes entregarán os seus textos, que serán remunerados, á organización nos prazos marcados por esta.
- 4) Pausa para xantar
- 5) Tres sesións de comunicacións libres cunha duración máxima de 15-20 minutos e debates de doutros 20 minutos. Para estas presentacións haberá que establecer prazos de entrega e condicións dos comunicantes. As tres sesións serán simultáneas e moderadas por tres persoas diferentes que farán unha breve presentación. Ao mesmo tempo de celebrarse estas sesións, as persoas moderadoras das mesas de traballo de tema específico e as presentadoras do plenario elaborarán as conclusións diarias que resumirán no plenario da tarde.
- 6) Pausa.
- 7) Presentacións de proxectos e/ou publicacións específicas relacionadas co congreso.
- 8) Plenario diario do tema do día coas tres persoas presentadoras e coordinadoras das mesas de traballo e maila presentadora do plenario da mañá que fará de moderadora no debate final do tema do día.

O día 10 dedicarase en exclusiva á clausura do congreso.

DESENVOLVEMENTO DIARIO

academiagalegadeteatro@gmail.com
N.I.F. G70539747
Rúa Álvaro Cebreiro, 15 – 1º
15003 A CORUÑA

I CONGRESO INTERNACIONAL
TEATRO GALEGO
CO 2030 NO HORIZONTE

DÍA 7

09:00 Acreditacións de persoas inscritas e asistentes.

09:30 Discurso Inaugural de Imma Antonio Souto, presidenta da AGT.

Tema do día: **EXPERIENCIA, ACTUALIDADE E MODELOS EXTERNOS**

Desenvolvemento do tema:

O teatro en Galicia comeza a rexurdir nos anos cincuenta e sesenta da traxectoria trazada a principios de século polas Irmandades da Fala; a actividade teatral concéntrase nos grupos de asociacións culturais, nos teatros de cámara e nos TEU universitarios, e o compromiso e galeguismo dalgúns dos seus membros, había de dar pé ao nacemento en Galicia do Teatro Independente coas súas fases de eclosión (1965-1973) e desenvolvemento (1973-1978) o que levaría á aparición do Novo Teatro Galego coas primeiras compañías profesionais e grupos estables que destacarían polo compromiso político e cultural e o uso do idioma galego como característica fundamental.

Así o teatro galego, tal e como se entende hoxe, forxaría o horizonte do seu futuro nesa época. As compañías e grupos independentes do Teatro Galego tiveron ata 1980 un punto de encontro fundamental no que tratar a súa problemática: a Mostra de Teatro Galego de Ribadavia.

Se nos anos setenta a actividade teatral comezaba a súa profesionalización con algo máis de liberdade pola abolición da censura (1977), nos oitenta daría un salto cualitativo coa chegada da autonomía para sentar as bases do actual sistema escénico. O nacemento de diversas compañías profesionais de teatro, a creación do Centro Dramático Galego, o Arquivo da Imaxe, a Televisión e a Radio Galega, foron logros dese tempo. A posterior creación do IGAEM, que logo se transformaría na AGADIC; a creación dos Circuitos Teatrais; o sistema de subvencións e de apoio institucional ás compañías profesionais de teatro; a dotación e posta a punto de diversos espazos escénicos de titularidade municipal; a creación da Rede Galega de Teatros e Auditorios e, xa máis tarde, a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia configuraron un tecido teatral que semella paralizado desde hai máis dunha década. De aí a necesidade de analizar a situación actual e as súas posibilidades de desenvolvemento para construír un sistema mellor e máis eficaz, tendo en conta as características do feito teatral e a situación actual do teatro en Galicia e o seu estudo comparativo con experiencias e modelos de fóra, na procura de novas formulacións para un futuro mellor.

10:00 CONFERENCIA PLENARIA

O teatro galego proxectándose cara o século XXI: os desafíos da poscrise.

Conferente: Cristina Domínguez Dapena (vicedirectora da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia)

Presentador: Eduardo Alonso Rodríguez (Academia Galega de Teatro)

11:15 breve intervención do público.

11:30 Pausa

12:00 MESA DE TRABALLO 1: **A EXPERIENCIA ACUMULADA**

Coordinada por: Xúlio Lago Alonso (Academia Galega de Teatro)

Título: ***A profesión teatral en Galicia, entre a resistencia e a perseverancia.***

Argüente: Inma López Silva (Escola Superior de Arte Dramática de Galicia)

Desenvolvemento do tema: Análise histórica e a súa evolución: como chegamos ata aquí?

Título: ***Evolución das programacións teatrais últimos 20 anos.***

Argüente: Xabier Campos (Deputación da Coruña)

academiagalegadeteatro@gmail.com

N.I.F. G70539747

Rúa Álvaro Cebreiro, 15 – 1º

15003 A CORUÑA

I CONGRESO INTERNACIONAL
TEATRO GALEGO
CO 2030 NO HORIZONTE

Desenvolvemento do tema: Relación entre a oferta e a demanda a través do tempo. Incremento de compañías e de espazos de exhibición. Antecedentes na distribución (Circuitos das Caixas, etc.). Afastamento do tecido económico.

Título: **Os espazos escénicos: análise evolutiva.**

Argüente: Francisco Oti Ríos (Academia Galega de Teatro)

Desenvolvemento do tema: Dos circuitos iniciais ás redes actuais. A exhibición e os espazos, formatos e programacións.

12:00 MESA DE TRABALLO 2: **RETOS ACTUAIS**

Coordinada por: Diego Freire (Asociación de Actores e Actrices de Galicia)

Título: **A crise da profesión teatral e os seus oficios; conflitos laborais e sociais.**

Argüente: Xavier Estévez (actor)

Desenvolvemento do tema: Os convenios colectivos e outras normativas de aplicación. O asociacionismo profesional e os seus retos.

Título: **As programacións teatrais en Galicia.**

Argüente: Marta Núñez (técnica de cultura do concello de Vigo)

Desenvolvemento do tema: Análise e mellora das Redes de exhibición: eivas e carencias.

Título: **Máis alá da inclusión.**

Argüente: Laura Miguez (actriz)

Desenvolvemento do tema: Teatro e diversidade social. Muller e teatro. 3ª idade e teatro. Discapacidade e teatro.

12:00 MESA DE TRABALLO 3: **MODELOS EXTERNOS**

Coordinada por: Manuel Xestoso González (Academia Galega de Teatro)

Título: **O modelo portugués.**

Argüente: Rui Madeira (director da Compañía de Teatro de Braga)

Desenvolvemento do tema: Modelos de: Producción. Exhibición. Distribución. Relacións coas administracións e coa sociedade.

Título: **Outros modelos europeos.**

Argüente: Guillem Jordi Graells (Institut del Teatre de Barcelona)

Desenvolvemento do tema: Modelos de: Producción. Exhibición. Distribución. Relacións coas administracións e coa sociedade.

Título: **Modelos americanos.**

Argüente: Guillermo Heras (director teatral, director de la Muestra de Teatro Español de Autores Contemporáneos de Alicante)

Desenvolvemento do tema: Modelos de: Producción. Exhibición. Distribución. Relacións coas administracións e coa sociedade.

14:00 Xantar

16:00 COMUNICACIÓNS

Espazo 1

Moderador: Julio Fernández Peláez (Academia Galega de Teatro)

CREACIÓN E EMPRENDEMENTO NAS ICC, O CASO DO TEATRO GALEGO.

Comunicante: Berta Álvarez-Buylla Falces

VALLE-INCLÁN NA GALIZA 2.0 – RECEPCIÓN E REPRESENTACIÓN ESCÉNICAS.

Comunicante: Xaquín Núñez Sabarís

Espazo 2

Modera: María Barcala (Academia Galega de Teatro)

AS AULAS DE TEATRO UNIVERSITARIAS DE GALICIA.

Comunicante: Fernando Dacosta

ATOPAR A CASA DA TRADUCIÓN TEATRAL.

Comunicante: María Reimóndez Milán

Espazo 3

Modera: Miguel Pernas (actor, membro da Academia Galega de Teatro)

PAINEL DE COMUNICACIÓNS: Tres aproximacións ao teatro galego do século XX (Grupo ILLA, Universidade da Coruña)

TEATRO E LINGÜA EN OTERO PEDRAYO: UNHA APROXIMACIÓN.

Comunicante: Xosé Ramón Freixeiro Mato e Xosé Manuel Sánchez Rei

QUE FAI UN ARQUEÓLOGO EN ESCENA? UNHA RELECTURA D'A LAGARADA DE RAMÓN OTERO PEDRAYO.

Comunicante: Carme Fernández Pérez-Sanjulián

O TEATRO DA MEMORIA: GUERRA CIVIL E FRANQUISMO NA DRAMATURXIA GALEGA.

Comunicante: Diego Rivadulla Costa

17:30 Pausa

18:00 INFORMES

Modera: Ánxela Abalo (Academia Galega de Teatro)

1.- SOBRE O TEATRO GALEGO: CREADORES, XESTORES E PÚBLICOS

Informante: Observatorio da Cultura Galega / Consello da Cultura Galega

Håkan Olof Casasres Berg

2.- AS LIÑAS A SEGUIR POLO CDG CO 2030 NO HORIZONTE

Informante: Centro Dramático Galego

Francisco Javier Núñez Alonso, director do CDG

19:00 PLENARIO: EXPERIENCIA, ACTUALIDADE E MODELOS EXTERNOS.

Moderador: Eduardo Alonso Rodríguez (Academia Galega de Teatro)

Resumo das mesas de traballo a cargo das persoas coordinadoras das mesmas.

DEBATE

21:00 REMATE

academiagalegadeteatro@gmail.com

N.I.F. G70539747

Rúa Álvaro Cebreiro, 15 – 1º

15003 A CORUÑA

I CONGRESO INTERNACIONAL
TEATRO GALEGO
CO 2030 NO HORIZONTE

DÍA 8

Tema do día: **O TEATRO E OS PÚBLICOS**

Desenvolvemento do tema:

O teatro, como arte e como instrumento de comunicación, segue a ter no público a súa principal razón de ser. Nun mundo de evolución impredecible e en permanente estado de cambio, moita xente continua acudindo aos teatros, a pesar das crises e das mil solicitudes das que é obxecto por parte dunha oferta de ocio cada vez máis personalizada, ubicua e portátil. Aquela vella pregunta sobre quen é o público e onde se atopa xa non cabe formulala en singular. Hai que falar de públicos: fragmentarios, sinuosos, autónomos, resistentes a catalogacións fáciles e mesmo aos omniscientes algoritmos informáticos. Públicos que se renovan, que medran paseniñamente, que consolidan espazos e programacións, que nutren de vida e calor aos artistas. Desde este Congreso queremos reflexionar sobre os públicos e facilitar o seu *traballo*, que é condición indispensable do noso.

10:00 CONFERENCIA PLENARIA

Conferente: Domènec Reixach (actor, director e xestor teatral)

Presentador: Francisco Javier Núñez Alonso (director CDG - AGT)

11:15 Breve intervención do público.

11:30 Pausa

12:00 MESA DE TRABALLO 1: **INFORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E FORMACIÓN TEATRAL**

Coordinada por: Dolores Vilavedra (Consello da Cultura Galega – USC)

Título: ***Información, promoción e crítica teatral.***

Argüente: Fabrice Corrons (profesor da Universidade de Toulouse)

Desenvolvemento do tema: Teatro e medios de comunicación. A crítica na construción do sistema teatral. Modelos de promoción. Promoción exterior.

Título: ***A (re)construción do legado das artes escénicas en Galicia. Edición, investigación e documentación teatral no século XXI.***

Argüente: Vanesa Sotelo (directora da revista Galega de teatro Erregete)

Desenvolvemento do tema: Publicacións institucionais. Políticas editoriais. Autoedición. Programas e posibilidades de I+D+I para o sector escénico.

Título: ***A educación dramática e teatral nunha perspectiva poliédrica.***

Argüente: Manuel Vieites (director da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia)

Desenvolvemento do tema: Formación artística. A ESAD de Galicia. A formación teatral nas universidades. As escolas municipais de teatro.

12:00 MESA DE TRABALLO 2: **DISTRIBUCIÓN TEATRAL, CIRCUÍTOS, FESTIVAIS E PÚBLICOS**

Coordinada por: Roberto Pascual (Academia Galega de Teatro – ESADG)

Título: ***Modelos de organización das ofertas teatrais para a cidadanía.***

Argüente: Gonçalo Amorim (director do FITEI de Portugal)

Desenvolvemento do tema: Perfís técnicos das direccións dos espazos escénicos. Elaboración da identidade dos espazos. Conversión do edificio teatral na casa viva do Teatro. Programación expandida.

Título: ***O papel das mostras e festivais galegos na consolidación do sistema teatral.***

Argüente: María Armesto (directora da Mostra de Cangas)

academiagalegadeteatro@gmail.com

N.I.F. G70539747

Rúa Álvaro Cebreiro, 15 – 1º

15003 A CORUÑA

I CONGRESO INTERNACIONAL
TEATRO GALEGO
CO 2030 NO HORIZONTE

Desenvolvemento do tema: Pontes entre sistemas. Espazos de encontro e comunicación. Impacto social. As mostras os festivais como elementos de canonización dinámica: coproducións, premios, programacións.

Título: ***Outros mercados. Exportación teatral.***

Argüente: Carlota Guivernau (distribuidora de artes escénicas)

Desenvolvemento do tema: Difusión exterior do teatro galego: Presenza de compañías galegas en festivais internacionais. Coproducións con centros escénicos de fóra. Promoción exterior do teatro Galego: Que experiencias salientables se teñen levado a cabo? con que apoios e recursos?

12:00 MESA DE TRABALLO 3: **A CREACIÓN TEATRAL E O PÚBLICO**

Coordinada por: Cándido Pazó (director de escena e dramaturgo)

Título: ***Dramaturxia da recepción.***

Argüente: Santiago Prego (Escola de Arte Dramático de Galicia)

Desenvolvemento do tema: Impacto social da obra dramática. Dramaturxia de intervención. Dramaturxia da recepción.

Título: ***A demolición lingüística do teatro galego: cantos de serea da modernidade e outras complicidades diglósicas.***

Argüente: Carlos Caetano Biscainho Fernandes (Universidade da Coruña)

Desenvolvemento do tema: Mantemento da diversidade de rexistros orais na escena. Vías para a capacitación lingüística. Consecuencias dos prexuízos lingüísticos. Eivas lingüísticas no ensino teatral superior en Galicia.

Título: ***Teatro e territorio. A paixase e o panorama (do minifundio ao feísmo).***

Argüente: Artur Trillo (actor, director de escena e de compañía)

Desenvolvemento do tema: Teatro e xénero. Teatro e idades. Teatro e territorio. Teatro e discapacidade.

14:00 Xantar

16:00 MESA DE TRABALLO 4: **TEATRO DE MONICREQUES**

Moderada por: José Breijo Vidal "Topo" (UNIMA-Galicia)

Título: ***Do Bululú ao monicreque.***

Argüente: Isabel Rey Pousada (compañía Monicreques)

Título: ***O sector do teatro de títeres, visual e de obxectos en España: realidade actual. Formación, museos, teatros, circuitos...***

Argüente: Toni Rumbau (director da compañía La Fanfarra)

Título: ***O teatro de marionetas e de obxectos no século XXI.***

Argüente: Idoya Otegui (secretaria general de UNIMA)

16:00 MESA DE TRABALLO 5: **TEATRO AFECCIONADO**

Moderada por: Gonzalo Rodríguez Calvo (Academia Galega de Teatro)

Título: ***20 anos en 20 minutos.***

Argüente: Paula Suárez (secretaria de FEGATEA)

Título: ***Amadores.***

Argüente: Antón Lamapereira (FEGATEA)

Título: ***Para un estudio en profundidade do teatro amator galego. Unha primeira achega.***

Argüente: Manuel Dasilva (tesoureiro de FEGATEA)

17:30 Pausa

18:00 Presentacións: - **DRAMATURGA 20. 11 TEXTOS BREVES.** Presenta: Carlos Labraña
- **PRESENTACIÓN DA BIBLIOTECA ARQUIVO TEATRAL "FRANCISCO PILLADO MAYOR".**
Presenta: Laura Tato (Universidade da Coruña)
- **PRESENTACIÓN DA COLECCIÓN DE TEXTOS BILINGÜE PREMIOS DE TEATRO RAFAEL
DIESTE.** Presenta: Carlos Rodríguez Alonso, vicesecretario xeral da ADE
- **PRESENTACIÓN DA APLICACIÓN WEB TEATRODEOBXECTOSDEGALICIA.COM.**
Presenta: José Breijo Vidal "Topo" (UNIMA-Galicia)

19:00 PLENARIO: **O TEATRO E OS PÚBLICOS.**

Moderador: Francisco Javier Núñez Alonso (director CDG - AGT)

Resumo das mesas de traballo a cargo das persoas coordinadoras das mesmas.

DEBATE

21:00 REMATE

22:30 ASISTENCIA A REPRESENTACIÓN TEATRAL NO SALÓN TEATRO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA Á OBRA
DE TEATRO "DESPOIS DAS ONDAS" DA COMPAÑÍA DE TEATRO GALEGA "BUTACAZERO".

DÍA 9

Tema do día: **A CREACIÓN E OS SEUS PROCESOS**

Desenvolvemento do tema:

Quizais o momento máis transcendental en todo acto de creación artística sexa o punto de encontro entre o emisor e o receptor. Este momento adquire unha especial importancia se a arte en cuestión é efémera. Na arte dramática ese punto dáse na relación que se establece entre o escenario e o patio de butacas, entre a escena e os espectadores, entre o teatro e o seu público; en definitiva, entre os creadores e a sociedade a que estes se dirixen. Esta relación que, no caso do teatro, está condicionada non só polo espazo senón tamén polo tempo: a creación e a recepción son simultáneas, determina o punto básico a partir do que se constrúen os alicerces do proceso de asunción social do feito teatral. Seguramente, sen asunción social, unha arte tan definitivamente social como é a arte dramática, presenta poucas posibilidades de desenvolvemento real.

10:00 CONFERENCIA PLENARIA

Conferente: Carme Portaceli (directora de escena)

Presentadora: Luma Gómez (Academia Galega de Teatro)

11:15 breve intervención do público.

11:30 Pausa

12:00 MESA DE TRABALLO 1: **PROPOSTAS DE FUTURO**

Coordinada por: Jorge Rey (director de escena - AGT)

Título: ***A creación: novos modelos organizativos.***

Argüente: Agustín Iglesias (director de teatro Guirigai)

Desenvolvemento do tema: Compañías residentes e teatros públicos. Propostas de novos modelos.

Título: ***Relación entre os diversos axentes teatrais.***

Argüente: Jaume Colomer (consultor cultural)

Desenvolvemento do tema: Marcos de encontro e comunicación. Propostas de achegamento entre as administracións as compañías e os xestores culturais. Protocolos de boas prácticas entre as relacións dos axentes teatrais.

Título: ***Políticas culturais.***

Argüente: Xavier Marcé (concelleiro de Turismo e Industrias Creativas do concello de Barcelona)

Desenvolvemento do tema: Lei do teatro. (por unha Lei do teatro axeitada). Creación teatral e lexislación; conflictividade, normativas e marcos legais. Circuitos de exhibición e normativas aplicables. Reformulación da AGADIC e do CDG. O papel das administracións provinciais e locais. As novas leis administrativas (de contratos, de contratación pública, de transparencia...) e a súa incidencia na relación entre administracións e teatro.

12:00 MESA DE TRABALLO 2: **A CREACIÓN ARTÍSTICA**

Coordinada por: Antonio Francisco Simón (Academia Galega de Teatro)

Título: ***As fronteiras artísticas do Teatro.***

Argüente: Alexandra Moreira da Silva (Universit  de Paris III e Universidade do Porto)

Desenvolvemento do tema: Teatro e tecnoloxía. Interartes. Transvasamentos creativos. Os colectivos creadores.

Título: ***Creación teatral e sociedade.***

Argüente: Xos  Manuel Fern ndez Castro (Academia Galega de Teatro)

academiagalegadeteatro@gmail.com

N.I.F. G70539747

R a  lvoro Cebreiro, 15 – 1 

15003 A CORU A

I CONGRESO INTERNACIONAL
TEATRO GALEGO
CO 2030 NO HORIZONTE

Desenvolvemento do tema: Modelos de participación social na creación teatral. Teatro e construción nacional. O teatro na educación. Oferta formativa. Uso do teatro na formación. O teatro como ferramenta educativa.

Título: ***A construción do discurso escénico.***

Argüente: Pablo Iglesias Simón (director da Real Escola Superior de Arte Dramática)

Desenvolvemento do tema: Da literatura dramática á posta en escena. Artes plásticas e espazo escénico. Música e espazo sonoro. A materialidade da arte dramática.

12:00 MESA DE TRABALLO 3: **PRODUCCIÓN E XESTIÓN**

Coordinada por: Pilar López Pérez (Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural)

Título: ***A produción de espectáculos.***

Argüente: Cecilia Carballido (produtora)

Desenvolvemento do tema: Compañías residentes e teatros públicos. Propostas de novos modelos. O mantemento da compañía como unidade de produción. As producións privadas e as producións públicas. Economía e teatro: tratamento e xestión, volume de negocio e intervención das entidades bancarias no sistema.

Título: ***Os teatros e outros espazos escénicos como elementos de produción.***

Argüente: Xesús Ron (director de escena)

Desenvolvemento do tema: O mantemento da compañía como unidade de produción. As compañías privadas e as compañías públicas. Economía e teatro.

Título: ***Perfil e formación de quen programa teatro.***

Argüente: Carlos Lorenzo Pérez (xestor cultural)

Desenvolvemento do tema: A formación técnica e de xestión. Cursos de formación específica de xestión cultural. As escolas de Imaxe e son. Outros centros de formación. Formación específica de directores, programadores e xestores de espazos.

14:00 Xantar

16:00 COMUNICACIÓNS

Espazo 1

Modera: Tito Asorey (Academia Galega de Teatro)

OS PROCESOS COLABORATIVOS DE CREACIÓN NO TEATRO GALEGO CONTEMPORÁNEO.

Comunicante: Ana Abad de Larriva

EXPERIENCIAS E PERCEPCIÓNS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL PARTICIPANTES NUN CONTACONTOS ITINERANTE.

Comunicante: Amparo Rodríguez de Dios

UMA ESCOLA SEN LÍNGUA: O GALEGO CÉNICO NA ESADG.

Comunicante: Daniel González Salgado

A HERDANZA DE IRMANDADES NO TEATRO ACTUAL.

Comunicante: Alba Pérez Sánchez

Espazo 2

Modera: Carlos Clemente Martínez Gallego (Academia Galega de Teatro)

A REVELACIÓN DOS OBXECTOS TEATRAIS, A SÚA POÉTICA.

Comunicante: David Rodas González

DRAMATURXIAS DO EU LIMINAL EN ANÓMICO TEATRO. PROCESO DE INVESTIGACIÓN

Comunicante: Julio Fernández Peláez

OS OCOS DA RECEPCIÓN NA CONSTRUCIÓN DAS POSTAS EN ESCENA.

Comunicante: Xavier Castiñeira Blanco

O TEATRO COMUNITARIO COMO BASE PARA A CREACIÓN DE PÚBLICO.

Comunicante: Irene Moreira

17:30 Pausa

18:00 Presentacións: - **CAMIÑO ESCENA NORTE.**

Diego V. Meizoso, xerente de Escena Galega e coordinador do proxecto.

- **PRESENTACIÓN COLECCIÓN DE TEXTOS TEATRAIS DITEATRO DE EDICIÓNS POSITIVAS.**

Francisco Macías Macías, edicións positivas.

- **O FONDO TEATRAL MARÍA CASARES DA BIBLIOTECA PÚBLICA DE CANGAS.**

Antón Lamapereira.

- **MUNDO ESCÉNICO: COMUNIDADE E PLATAFORMA DIXITAL DAS ARTES ESCÉNICAS GALEGAS.**

Daniel Amós Rodríguez

19:00 PLENARIO: **A CREACIÓN E OS SEUS PROCESOS**

Moderadora: Luma Gómez (Academia Galega de Teatro)

Resumo das mesas de traballo a cargo das persoas coordinadoras das mesmas.

DEBATE

21:00 REMATE

22:30 ASISTENCIA Á MOSTRA PADAGÓXICA DO OBRADOIRO INTEGRADO DA ESAD DE GALICIA (DIRECCIÓN ESCÉNICA E DRAMATURXIA, ESCENOGRAFÍA E INTERPRETACIÓN), QUE SE CELEBRARÁ NO SALÓN TEATRO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

academiagalegadeteatro@gmail.com

N.I.F. G70539747

Rúa Álvaro Cebreiro, 15 – 1º

15003 A CORUÑA

I CONGRESO INTERNACIONAL
TEATRO GALEGO
CO 2030 NO HORIZONTE

DÍA 10

11:30 ACTO DE CLAUSURA.

12:00 ENTREGA DAS MEDALLAS DA ACADEMIA ÁS PERSOAS DE HONRA DA COMISIÓN CIENTÍFICA E A ACADÉMICOS DESIGNADOS.

academiagalegadeteatro@gmail.com
N.I.F. G70539747
Rúa Álvaro Cebreiro, 15 – 1º
15003 A CORUÑA

I CONGRESO INTERNACIONAL
TEATRO GALEGO
CO 2030 NO HORIZONTE